

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

12097 *Real decreto 957/2018, do 27 de xullo, polo que se modifica o anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.*

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, constitúe a transposición ao sistema normativo español da Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) co principal obxectivo de lograr e manter un bo estado ambiental do medio mariño o máis tardar no ano 2020. Para a súa consecución, dentro do segundo ciclo de adopción de medidas nesta materia, prevese a creación das estratexias mariñas conforme o establecido no artigo 15 da lei citada, que constitúen unha ferramenta esencial para manter a biodiversidade e preservar a diversidade e o dinamismo duns océanos e mares que sexan limpos, sans e produtivos, e cuxo aproveitamento sexa sustentable.

Dentro do primeiro ciclo de aplicación da citada directiva, detectouse a necesidade de adaptar ao coñecemento científico algúns dos contidos incluídos nela. En concreto, a Comisión Europea, no seu informe elaborado sobre este primeiro ciclo de aplicación, recomendou que os servizos da Comisión e os Estados membros realizasen un proceso de revisión e mellora, o máis tardar en 2015, que culminou coa publicación da Decisión (UE) 2017/848 da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se establecen os criterios e as normas metodolóxicas aplicables ao bo estado ambiental das augas mariñas, así como especificacións e métodos normalizados de seguimento e avaliación, e pola que se derroga a Decisión 2010/477/UE.

Do mesmo modo, destacou a necesidade de revisar o anexo III da Directiva marco sobre a estratexia mariña e, se for o caso, revisar e formular orientacións específicas que garantisen un enfoque máis coherente e congruente das avaliacións no segundo ciclo de aplicación da directiva, así como que se aclarasen as relacións entre os elementos establecidos no dito anexo en relación cos descritores do bo estado ambiental establecidos no anexo I da directiva, de modo que se facilite a súa aplicación e relación entre eles e permita vincular máis estreitamente os elementos do ecosistema e os impactos e presións antropoxénicas sobre o medio mariño cos descritores do bo estado ambiental. De maneira simultánea, publicouse a Directiva (UE) 2017/845 da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás listas indicativas de elementos que se deben tomar en consideración á hora de elaborar estratexias mariñas.

A modificación do anexo III da Directiva marco sobre a estratexia mariña, a través desta nova Directiva (UE) 2017/845 da Comisión, do 17 de maio de 2017, implica a necesidade de traspor o seu contido ao ordenamento interno o máis tardar o 7 de decembro de 2018. Resulta, por tanto, necesario modificar o anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, que se corresponde co disposto no anexo III da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, e adaptalo ao contido desta nova directiva. A Lei 41/2010, do 29 de decembro, na súa disposición adicional segunda, estableceu a posibilidade de que o Goberno, no exercicio da súa potestade regulamentaria, poida actualizar e modificar os anexos I ao V desa lei de acordo co progreso científico e técnico relacionado co disposto na mesma lei, para a súa adaptación aos convenios ou acordos internacionais de que o Reino de España sexa parte ou conforme o disposto na normativa europea.

No anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, débense fornecer elementos para a avaliación en relación co bo estado ambiental, elementos de seguimento que complementen a avaliación e elementos que se teñan en conta á hora de fixar os

obxectivos ambientais, así como algunhas actividades que se terán en conta na elaboración dos programas de medidas. A pertinencia destes elementos variará en función de cada demarcación mariña. Por isto, só se deben abordar se se consideran «trazos e características esenciais» ou «principais presións e impactos» para efectos do disposto no artigo 8.3 a) e b) da Lei 41/2010, do 29 de decembro, respectivamente, e se están presentes en augas da demarcación mariña de que se trate.

Os cadros 1 e 2 do anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, débense clarificar para remitir máis claramente a elementos de estado (cadro 1) e a elementos de presión e os seus impactos (cadro 2) e para vincular directamente os elementos enumerados en ambos os cadros cos descritores cualitativos establecidos no anexo II da mesma lei e, deste modo, cos criterios fixados pola Comisión conforme o disposto no artigo 9.3 da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008,

Por último, para orientar as avaliacións da utilización das augas mariñas para efectos do establecido no artigo 8.3 c) da Lei 41/2010, do 29 de decembro, e das actividades humanas, o seguimento establecido no artigo 11 e o programa de medidas previsto no artigo 13, ampliouse o quadro 2 para incluír unha lista indicativa de usos e actividades humanas que garanta a coherencia da súa avaliación en todas as rexións e subrexións mariñas. Todas estas modificacións son incorporadas no presente real decreto a través do anexo que recolle a modificación do anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, fixado pola citada nova Directiva (UE) 2017/845.

Este real decreto encóntrase previsto no Plan anual normativo para 2018.

A presente norma foi elaborada conforme os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por canto persegue un interese xeral ao ter por obxecto garantir un enfoque máis coherente e congruente das avaliacións sobre o estado ambiental no próximo ciclo de aplicación de creación das estratexias mariñas. Esta norma constitúe o instrumento máis adecuado para garantir tal fin e é coherente co ordenamento xurídico existente, contribuíndo a un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza.

Durante a súa tramitación, o presente real decreto foi sometido a información pública coa participación de organismos e entidades representativas involucradas. Así mesmo, foi sometido a consulta das comunidades autónomas e a deliberación do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.*

O anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, substitúese polo texto do anexo do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

A modificación do anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, realízase conforme a habilitación establecida na disposición adicional segunda da mesma lei.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de directiva comunitaria.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2017/845/UE da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás listas

indicativas de elementos que se deben tomar en consideración á hora de elaborar estratexias mariñas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2018.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO

LISTAS INDICATIVAS DE ELEMENTOS DO ECOSISTEMA, PRESIÓNS ANTROPOXÉNICAS
E ACTIVIDADES HUMANAS PERTINENTES PARA AS AUGAS MARIÑAS (REFERENTE
AOS ARTIGOS 8, 9, 10 E 11 DA LEI 41/2010, DO 29 DE DECEMBRO)

**Cadro 1 Estrutura, funcións e procesos dos ecosistemas mariños de especial
importancia para efectos do disposto no artigo 8.3 a) e nos artigos 9 e 11**

Tema	Elementos do ecosistema	Parámetros e características posibles (nota 1)	Descritores cualitativos pertinentes mencionados no anexo II (notas 2 e 3)
Especies	Grupos de especies (nota 4) de aves mariñas, mamíferos mariños, réptiles mariños, peixes e cefalópodos da rexión ou subrexión mariña.	Variación espacial e temporal de cada especie ou poboación: – Distribución, abundancia e/ou biomasa. – Estrutura por tamaños, idades e sexos. – Taxas de fecundidade, supervivencia e mortalidade/lesións. – Comportamento, incluídos os desprazamentos e a migración. – Hábitat da especie (extensión, idoneidade). Composición específica do grupo.	(1); (3)
Hábitats	Grandes tipos de hábitats da columna de auga (peláxicos) e do fondo mariño (bentónicos) (nota 5) ou outros tipos de hábitats, incluídas as súas comunidades biolóxicas asociadas en toda a rexión ou subrexión mariña.	Para cada tipo de hábitat: – Distribución e extensión dos hábitats (e, se for o caso, volume). – Composición das especies, abundancia e/ou biomasa (variación espacial e temporal). – Estrutura das especies por tamaños e idades (se procede). – Características físicas, hidrolóxicas e químicas. Ademais, no caso dos hábitats peláxicos: – Concentración de clorofila a – Frecuencia e extensión espacial das floracións de plancto	(1); (6)
Ecosistemas, incluídas as redes tróficas.	Estrutura, funcións e procesos dos ecosistemas incluídos: – características físicas e hidrolóxicas – características químicas – características biolóxicas – funcións e procesos	Variación espacial e temporal de: – Temperatura e xeo. – Hidroloxía (réximes de ondas e correntes, afloramento, mestura, tempo de residencia, introdución de auga doce, nivel do mar). – Batimetría. – Turbidez (cargas de limo/sedimentos), transparencia, son. – Substrato e morfoloxía do fondo mariño. – Salinidade, nutrientes (N, P), carbono orgánico, gases disoltos (pCO ₂ , O ₂) e pH. – Relacións entre os hábitats e as especies de aves mariñas, mamíferos, réptiles, peixes e cefalópodos. – Estrutura comunidades peláxico-bentónicas. – Produtividade.	(1); (4)

Notas sobre o cadro 1.

Nota 1: Preséntase unha lista indicativa dos parámetros e características das especies, hábitats e ecosistemas que reflicte os parámetros afectados polas presións indicadas no cadro 2 do presente anexo e que son relevantes e pertinentes para os criterios que a Comisión estableza conforme o artigo 9.3 da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008. Os parámetros e características específicos que se deban utilizar para o seguimento e a avaliación débense determinar conforme os requisitos da presente lei, incluídos os mencionados nos seus artigos 8 a 11.

Nota 2: Os números desta columna remiten aos puntos numerados do anexo II.

Nota 3: Só se enumeran no cadro 1 os descritores cualitativos baseados no estado (1), (3), (4) e (6), para os cales a Comisión estableza criterios conforme o artigo 9.3 da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do

Consello, do 17 de xuño de 2008. Todos os demais descritores cualitativos indicados no anexo II, baseados nas presións, poden ser pertinentes para cada tema.

Nota 4: Estes grupos de especies especificanse con maior detalle na parte II do anexo da Decisión (UE) 2017/848 da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se establecen os criterios e as normas metodolóxicas aplicables ao bo estado ambiental das augas mariñas, así como especificacións e métodos normalizados de seguimento e avaliación, e pola que se derroga a Decisión 2010/477/UE

Nota 5: Estes grandes tipos de hábitats especificanse con maior detalle na parte II do anexo da Decisión (UE) 2017/848 da Comisión, do 17 de maio de 2017.

Cadro 2 Presións antropoxénicas, utilizacións e actividades humanas no medio mariño ou que o afectan

2a. Presións antropoxénicas sobre o medio mariño de especial importancia para efectos do artigo 8.3.a) e b) e dos artigos 9, 10 e 11

Tema	Presión (nota 1)	Parámetros posibles	Descritores cualitativos pertinentes mencionados no anexo II (notas 2 e 3)		
Biolóxicas	Introdución ou propagación de especies alóctonas.	Intensidade e variación espacial e temporal da presión sobre o medio mariño e, se for o caso, na fonte. Para a avaliación dos impactos ambientais da presión, seleccionáronse no cadro 1 os elementos e parámetros pertinentes do ecosistema.	(2)		
	Introdución de organismos patóxenos microbianos.				
	Introdución de especies xeneticamente modificadas e translocación de especies autóctonas.				
	Perda ou cambio de comunidades biolóxicas naturais debido ao cultivo de especies animais ou vexetais.				
	Perturbación de especies (por exemplo, nas súas zonas de cría, descanso e alimentación) debido á presenza humana.				
	Extracción ou mortalidade/lesiões de especies silvestres, incluídas especies obxectivo e non obxectivo (mediante a pesca comercial e recreativa e outras actividades).		(3)		
Físicas	Perturbacións físicas do fondo mariño (temporais ou reversibles).		Intensidade e variación espacial e temporal da presión sobre o medio mariño e, se for o caso, na fonte. Para a avaliación dos impactos ambientais da presión, seleccionáronse no cadro 1 os elementos e parámetros pertinentes do ecosistema.	(6); (7)	
	Perdas físicas (debido a un cambio permanente do substrato ou a morfoloxía do fondo mariño e á extracción de substrato do fondo mariño).				
	Cambios das condicións hidrolóxicas.				
Substancias, lixo e enerxía	Introdución de nutrientes: fontes difusas, fontes puntuais, deposición atmosférica.			Intensidade e variación espacial e temporal da presión sobre o medio mariño e, se for o caso, na fonte. Para a avaliación dos impactos ambientais da presión, seleccionáronse no cadro 1 os elementos e parámetros pertinentes do ecosistema.	(5)
	Introdución de materias orgánicas: fontes difusas e fontes puntuais.				
	Introdución doutras substancias (por exemplo, substancias sintéticas, substancias non sintéticas, radionúclidos): fontes difusas, fontes puntuais, deposición atmosférica, incidentes graves.	(8); (9)			
	Introdución de lixo (lixo sólido, incluído microlixo.)	(10)			
	Introdución de son antropoxénico (impulsivo, continuo).	(11)			
	Introdución doutras fontes de enerxía (incluídos campos electromagnéticos, luz e calor).				
	Introdución de auga: fontes puntuais (por exemplo, salmoira).				

2b. *Utilizacións e actividades humanas no medio mariño ou que o afectan de especial importancia para efectos do artigo 8.3.b) e c) (só as actividades sinaladas cun asterisco * son pertinentes para efectos do artigo 8.3.c) e os artigos 10 e 13)*

Tema	Actividade
Reestruturación física de ríos, do litoral ou do fondo mariño (xestión da auga).	Recuperación de terras.
	Canalización e outras modificacións de cursos de auga.
	Defensa costeira e protección contra as inundacións*.
	Infraestruturas mar fóra (excepto as destinadas a explotación de petróleo, gas ou enerxías renovables)*.
Extracción de recursos non vivos.	Reestruturación da morfoloxía do fondo mariño, incluída a dragaxe e o depósito de materiais*
	Extracción de minerais (rocha, minerais metálicos, grixo, area, cunchas)*.
	Extracción de petróleo e gas, incluída a infraestrutura*.
	Extracción de sal*.
Produción de enerxía.	Extracción de auga*.
	Xeración de enerxías renovables (enerxía eólica, undimotriz e maremotriz), incluída a infraestrutura*.
	Xeración de enerxías non renovables.
Extracción de recursos vivos.	Transporte de electricidade e comunicacións (cables)*.
	Pesca e marisqueo (profesional, recreativa)*.
	Transformación de peixe e marisco*.
	Recolleita de plantas mariñas*.
Cultivo de recursos vivos.	Caza e colleita para outros fins*.
	Acuicultura mariña, incluída a infraestrutura*.
	Acuicultura de auga doce.
	Agricultura.
Transporte.	Silvicultura.
	Infraestrutura de transportes*.
	Transporte marítimo*.
	Transporte aéreo.
Usos urbanos e industriais.	Transporte terrestre.
	Usos urbanos.
	Usos industriais.
Turismo e lecer.	Tratamento e eliminación de residuos*.
	Infraestruturas de turismo e lecer*.
Seguranza/defensa.	Actividades de turismo e lecer*.
	Operacións militares (salvo o disposto no artigo 2, número 4).
Educación e investigación.	Actividades de investigación, seguimento e educación*.

Notas sobre o cadro 2.

Nota 1: As avaliacións das presións deberían abordar os seus niveis no medio mariño e, se for o caso, as taxas de introdución (de fontes terrestres ou atmosféricas) ao medio mariño.

Nota 2: Os números desta columna remiten aos puntos numerados do anexo II.

Nota 3: Só se enumeran no cadro 2a os descritores cualitativos baseados nas presións (2), (3), (5), (6), (7), (8), (9), (10) e (11) para os cales a Comisión estableza criterios conforme o artigo 9.3 da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008. Todos os demais descritores cualitativos indicados no anexo II, baseados no estado, poden ser pertinentes para cada tema.